



Expediente núm.: 220/2015

Asunto: Convocatoria da Xunta de Goberno local

Acta da sesión: EXTRAORDINARIA

Día e hora da reunión: 9 de decembro de 2015, 11:00 HORAS.

Lugar de realización: **DEPENDENCIAS DE ALCALDÍA**

Asistentes: **ALCALDE: PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA, FERNANDO ALFREDO PENSADO BARBEIRA (CONCELLEIRO), VOGAL, MARÍA AURORA VILA AGRA (CONCELLEIRA), VOGAL, JOSÉ RAMÓN GARCÍA VÁZQUEZ (CONCELLEIRO), VOGAL; SECRETARIO-INTERVENTOR: IVAN PONTE MAHIA**

Ausentes:

Orde do día: 1 Licenzas

2 Exame e aprobación, se procede, da certificación número dúas, da obra “proxecto modificado do básico e de execución da obra Centro de Día Residencial no concello de Palas de Rei”

3 Exame e aprobación, se procede, da certificación número tres, da obra “proxecto modificado do básico e de execución da obra Centro de Día Residencial no concello de Palas de Rei”

4 Exame e aprobación, se procede, da certificación de liquidación final, da obra “proxecto modificado do básico e de execución da obra Centro de Día Residencial no concello de Palas de Rei”

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ASISTENTES:

ALCALDE: PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA

Tenentes de alcalde:

DON ERNANDO ALFREDO PENSADO BARBEIRA (CONCELLEIRO), VOGAL

DONA MARÍA AURORA VILA AGRA (CONCELLEIRA), VOGAL

DON JOSÉ RAMÓN GARCÍA VÁZQUEZ (CONCELLEIRO), VOGAL

SECRETARIO-INTERVENTOR: IVAN PONTE MAHIA

En Palas de Rei, ás 11:00 HORAS do día 9 de decembro de 2015, reúnense nas dependencias da alcaldía da casa consistorial, baixo a presidencia de ALCALDE, PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA, co obxecto de celebrar unha sesión SESIÓN EXTRAORDINARIA, os tenentes de alcalde membros da Xunta de Goberno local, DON ERNANDO ALFREDO PENSADO BARBEIRA (CONCELLEIRO), VOGAL, DONA MARÍA AURORA VILA AGRA (CONCELLEIRA), VOGAL, DON JOSÉ RAMÓN GARCÍA VÁZQUEZ (CONCELLEIRO), VOGAL, con SECRETARIO-INTERVENTOR do Concello, IVAN PONTE MAHIA, e en presenza de SECRETARIO-INTERVENTOR, IVAN PONTE MAHIA. Xa que asiste o quórum legal para a súa celebración, declarouse aberta a sesión pola Presidencia e procedeuse a examinar os asuntos incluídos na orde do día, que se desenvolveron como se expresa a continuación:



1 Licenzas

Solicitud de licenza de ocupación de terreos de uso público con instalación de mesas e cadeiras na beirarrúa coa finalidade lucrativa, con instalación de plataforma, interesada por Alfonso Portomeñe Ouro

Visto escrito de solicitude presentado por Alfonso Portomeñe Ouro, veciño de Avda. Ourense nº 12-baixo, en Palas de Rei, no que solicita licenza municipal provisional para, "instalación de mesas e cadeiras na beirarrúa coa finalidade lucrativa", con instalación de plataforma, para a actividade de 'Café - Bar' que ven desenrolando no local baixo da Avda. Ourense nº 12-baixo, en Palas de Rei.

Visto o informe técnico municipal emitido en data do 1 de setembro de 2015, que obra no expediente e do cal se lle chegará copia.

Visto o informe emitido pola Axencia Galega de Infraestruturas, Servizo Provincial de Lugo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en data do 5 de novembro de 2015, que obra no expediente e do cal se lle chegará copia.

Visto o informe xurídico emitido en data do 19 de novembro de 2015, e que obra no expediente.

En uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Conceder a Alfonso Portomeñe Ouro, a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo dos dereitos do común ou de terceiro, licenza municipal provisional para "instalación de mesas e cadeiras na beirarrúa coa finalidade lucrativa", con instalación de plataforma, para a actividade de 'Café - Bar' que ven desenrolando no local baixo da Avda. Ourense nº 12-baixo, en Palas de Rei.

Segundo. Condicionar a licenza ao cumprimento das prescricións xerais que figuran nas Normas Subsidiarias de Palas de Rei, no informe técnico municipal e no informe do Servizo Provincial de Lugo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a través do cal informan favorablemente a **instalación dunha plataforma provisional de 10,00 metros de lonxitude e 1,20 metros de anchura, a instalación de plataforma farase única e exclusivamente de forma temporal, para os meses comprendidos entre maio a setembro, ambos inclusive**, para restablecer o paso peonil á altura do p.k. 10,320 da LU-221, instalarse unha tarima ou plataforma, debéndose realizar a sinalización para separar a zona de circulación (baranda, biombo, ...), todo elo de acordo coas condicións impostas polo titular da vía LU-221, servizo de Infraestruturas da Xunta de Galicia, e que relaciona no seu informe de data do 5 de novembro.

En todo momento quedará un corredor ou paso de 1,20 metros de ancho, enrasado coa beirarrúa e libre de obstáculos que dea continuidade ó tránsito peonil.



Terceiro. A instalación da terraza de verán, **con plataforma desmontable** é provisional, **farase única e exclusivamente durante os meses que establece o servizo Provincial, Axencia Galega de Infraestruturas**, dende o mes de **maio** até o mes de **setembro**, ambos inclusive.

Cuarto. A instalación farase sempre de acordo coas condicións impostas no informe técnico, e de acordo coas condicións particulares e xerais impostas no informe emitido pola Dirección Xeral de Estradas, o incumprimento de calquera delas, será causa de anulación do presente Acordo.

Quinto. O solicitante ten un prazo de *cinco días* tanto para a montaxe como para a desmontaxe (completa retirada dos elementos que formen parte da plataforma desmontable e provisional), e da sinalización e material de separación da zona de circulación correspondente.

Dende este Ente municipal procederase a facer visita de comprobación das condicións impostas nos informes arriba indicados.

O persoal municipal poderá requirir en calquera momento, mentres permaneza instalada a terraza provisional, a exhibición de copia da concesión da licenza municipal.

Sexto. Proceder á liquidación de dereitos e taxas que corresponde satisfacer, de acordo coa documentación que obra no expediente e en base á cal se autoriza a instalación provisional, de acordo co informe técnico municipal, e conforme ao establecido na Ordenanza Fiscal nº 10, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións de recreo e por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, instalación de terraza ocupando beirarrúa, e proceder ao seu abono previa notificación do acordo de concesión da licenza de instalación temporal, que ascende a un total de douscentos dezaoto euros con oitenta e oito céntimos (218,88 euros).

Sétimo. Dar traslado dunha copia da liquidación de dereitos ó interesado para que proceda ao abono do importe total a través de conta bancaria, previa notificación do acordo de concesión de licenza.

Do que se lle da traslado para o seu coñecemento.

Recursos: Contra o Acordo que antecede, que é definitivo en vía administrativa, poder optar por:

a).- Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante a Xunta de Goberno Local deste concello, dentro do prazo de un mes contado dende o día seguinte ó de notificación do presente Acordo.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 116.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro), e o prazo para interpor dito recurso



contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, será de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, si no fora expresa a resolución do recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso - administrativo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado, e dicir, un mes (art. 46.4 da Lei 29/98 do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, en relación có artigo 116.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro.

b).- Interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados deste o día seguinte o da notificación da presente resolución, de conformidade có establecido no art. 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo Reguladora de Xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo advírteselle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

Solicitud de licenza de ocupación de terreos de uso público con instalación de mesas e cadeiras na beirarrúa coa finalidade lucrativa, con instalación de plataforma, interesada por Ana María Vázquez Vilela

Visto escrito de solicitude presentado por Ana María Vázquez Vilela, veciña de Avda. Ourense nº 8-baixo, en Palas de Rei, no que solicita licenza municipal provisional para, "instalación de mesas e cadeiras na beirarrúa coa finalidade lucrativa", con instalación de plataforma, para a actividade de 'Café - Bar' que ven desenrolando no local baixo da Avda. Ourense nº 8-baixo, en Palas de Rei.

Visto o informe técnico municipal emitido en data do 14 de xullo de 2015, que obra no expediente e do cal se lle chegará copia.

Visto o informe emitido pola Axencia Galega de Infraestruturas, Servizo Provincial de Lugo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en data do 5 de novembro de 2015, que obra no expediente e do cal se lle chegará copia.

Visto o informe xurídico emitido en data do 19 de novembro de 2015, e que obra no expediente.

En uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:



Primeiro. Conceder a Ana María Vázquez Vilela, a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo dos dereitos do común ou de terceiro, licenza municipal provisional para “instalación de mesas e cadeiras na beirarrúa coa finalidade lucrativa”, con instalación de plataforma, para a actividade de ‘Café - Bar’ que ven desenrolando no local baixo da Avda. Ourense nº 8-baixo, en Palas de Rei.

Segundo. Condicionar a licenza ao cumprimento das prescricións xerais que figuran nas Normas Subsidiarias de Palas de Rei, no informe técnico municipal e no informe do Servizo Provincial de Lugo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a través do cal informan favorablemente a **instalación dunha terraza, con plataforma provisional, de 4,00 metros de lonxitude e 1,50 metros de anchura, a instalación de plataforma farase única e exclusivamente de forma temporal, para os meses comprendidos entre maio a setembro, ambos inclusive**, para restablecer o paso peonil á altura do p.k. 10,360 da LU-221, instalarse unha tarima ou plataforma, debéndose realizar a sinalización para separar a zona de circulación (baranda, biombo, ...), todo elo de acordo coas condicións impostas polo titular da vía LU-221, servizo de Infraestruturas da Xunta de Galicia, e que relaciona no seu informe de data do 5 de novembro.

En todo momento quedará un corredor ou paso de 1,20 metros de ancho, enrasado coa beirarrúa e libre de obstáculos que dea continuidade ó tránsito peonil.

Terceiro. A instalación da terraza de verán, **con plataforma desmontable** é provisional, **farase única e exclusivamente durante os meses que establece o servizo Provincial, Axencia Galega de Infraestruturas**, dende o mes de **maio** até o mes de **setembro**, ambos inclusive.

Cuarto. A instalación farase sempre de acordo coas condicións impostas no informe técnico, e de acordo coas condicións particulares e xerais impostas no informe emitido pola Dirección Xeral de Estradas, o incumprimento de calquera delas, será causa de anulación do presente Acordo.

Quinto. O solicitante ten un prazo de *cinco días* tanto para a montaxe como para a desmontaxe (completa retirada dos elementos que formen parte da plataforma desmontable e provisional), e da sinalización e material de separación da zona de circulación correspondente.

Dende este Ente municipal procederase a facer visita de comprobación das condicións impostas nos informes arriba indicados.

O persoal municipal poderá requirir en calquera momento, mentres permaneza instalada a terraza provisional, a exhibición de copia da concesión da licenza municipal.

Sexto. Proceder á liquidación de dereitos e taxas que corresponde satisfacer, de acordo coa documentación que obra no expediente e en base á cal se autoriza a instalación provisional, de acordo co informe técnico municipal, e conforme ao establecido na Ordenanza Fiscal nº 10, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións de recreo e por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, instalación de terraza ocupando beirarrúa, e proceder ao seu abono previa notificación do acordo de



concesión da licenza de instalación temporal, que ascende a un total de cento nove euros con corenta e catro céntimos (109,44euros).

Sétimo. Dar traslado dunha copia da liquidación de dereitos ó interesado para que proceda ao abono do importe total a través de conta bancaria, previa notificación do acordo de concesión de licenza.

Do que se lle dá traslado para o seu coñecemento.

Recursos: Contra o Acordo que antecede, que é definitivo en vía administrativa, poder optar por:

a).- Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante a Xunta de Goberno Local deste concello, dentro do prazo de un mes contado dende o día seguinte ó de notificación do presente Acordo.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 116.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro), e o prazo para interpor dito recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, será de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, si no fora expresa a resolución do recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso - administrativo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado, e dicir, un mes (art. 46.4 da Lei 29/98 do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, en relación có artigo 116.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro).

b).- Interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados deste o día seguinte o da notificación da presente resolución, de conformidade có establecido no art. 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo Reguladora de Xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo advírteselle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

Licenza urbanística municipal para rehabilitación e ampliación de edificación tradicional, a pedimento de María Vázquez González

Visto escrito de solicitude e proxectos básico e de execución presentados por María Vázquez González, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Sambreixo nº 3, na parroquia de Santa María de Sambreixo, 27203 en Palas de Rei, no que solicita autorización municipal para “rehabilitación e ampliación de edificación tradicional”, situada no lugar de Sambreixo, na parroquia de Santa María de Sambreixo, deste municipio, conforme aos proxectos técnicos, básico e de execución, redactados polo



arquitecto técnico Francisco Javier Rodríguez Alberto, colexiado nº 3241 do COAG.

Vistos os informes técnicos emitidos por José Manuel Varela Martínez en datas do 10 de xuño de 2014, e do 14 de xullo de 2015, que obran no expediente e dos cales se lle chegarán copias xunto co presente.

Visto o informe emitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sobre unha intervención que afecta a un ben incluído no inventario xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, unha Igrexa Parroquial, en data do 23 de xullo de 2014, de acordo co proxecto básico presentado, que obra no expediente e do cal se lle chegará copia xunto co presente.

Vista a autorización de obras emitida polo órgano de cunca Augas de Galicia, Zona Hidrográfica de Galicia-Centro, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en data do 15 de xuño de 2015, que obra no expediente e do cal se lle chegará copia xunto co presente.

Vista a resolución emitida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sobre unha intervención que afecta a un ben incluído no inventario xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, unha Igrexa Parroquial, en data do 28 de xullo de 2015, de acordo co proxecto de execución presentado, que obra no expediente e do cal se lle chegará copia xunto co presente.

Vista a resolución emitida polo servizo de Urbanismo de Lugo, Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, en data do 11 de novembro de 2015, que obra no expediente e da cal se lle chegará copia xunto co presente.

Visto o informe xurídico emitido en data do 4 de decembro de 2015, e que obra no expediente.

En uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Conceder a María Vázquez González a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do común ou de terceiro, licenza urbanística municipal para “rehabilitación e ampliación de edificación tradicional”, situada no lugar de Sambreixo, na parroquia de Santa María de Sambreixo, deste municipio, conforme aos proxectos técnicos, básico e de execución, redactados polo arquitecto técnico Francisco Javier Rodríguez Alberto, colexiado nº 3241 do COAG.

Segundo. As obras comezaran no prazo de seis meses e rematarán no prazo de



tres anos contados a partir da data de notificación deste Acordo. Transcorrido este prazo sen que se teña solicitado prórroga, este acordo non terá validez nin efecto.

Terceiro. Que se proceda ao cumprimento das prescricións xerais que figuran nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Palas de Rei, das condicións sinaladas nos informes técnicos, e ao cumprimento das condicións xerais e particulares impostas e recollidas nos informes e resolucións sectoriais emitidos polos órganos autonómicos con competencia en Patrimonio, Augas de Galicia, e Urbanismo, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Cuarto. Aprobar os dereitos e taxas que figuran no expediente, e proceder ao seu abono previa notificación do acordo de concesión da licenza, e que ascenden a un total de dous mil oito euros con sesenta e tres céntimos (2.008,63 €).

Quinto. Dar traslado dunha copia da liquidación de dereitos á interesada para que proceda ao abono do importe total a través de conta bancaria, previa notificación do acordo de concesión de licenza.

Do que se lle da traslado para o seu coñecemento.

Recursos: Contra o Acordo que antecede, que é definitivo en vía administrativa, poder optar por:

a).- Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante a Xunta de Goberno Local deste concello, dentro do prazo de un mes contado dende o día seguinte ó de notificación do presente Acordo.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 116.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro), e o prazo para interpor dito recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, será de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, si no fora expresa a resolución do recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso - administrativo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado, e dicir, un mes (art. 46.4 da Lei 29/98 do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, en relación có artigo 116.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro).

b).- Interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados deste o día seguinte o da notificación da presente resolución, de conformidade có establecido no art. 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo Reguladora de Xurisdición contencioso-administrativa.



Así mesmo advírteselle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

Licenza urbanística municipal para legalización de obras de rehabilitación de edificación tradicional para vivenda turística vacacional, a pedimento de Gonzalo Pereiro Sande

Visto escrito de solicitude e proxecto técnico presentados por Gonzalo Pereiro Sande, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Pontecampaña, na parroquia de San Xoán de Mato, 27203 en Palas de Rei, no que solicita autorización municipal para “legalización de obras de rehabilitación de edificación tradicional para vivenda turística vacacional”, situada no lugar de Pontecampaña, na parroquia de San Xoán de Mato, deste municipio, conforme ao proxecto técnico, redactado polo arquitecto técnico Camilo Garrido Álvarez.

Vistos os informes técnicos emitidos polo técnico municipal, José Manuel Varela Martínez, en datas do 25 de xuño de 2012, e do 20 de maio de 2013, que obran no expediente e dos cales se lle chegarán copias xunto co presente.

Visto o informe emitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sobre unha intervención no Camiño de Santiago, dentro da zona BIC do Camiño Francés, en data do 11 de outubro de 2012, de acordo co proxecto técnico presentado, que obra no expediente e do cal se lle chegará copia xunto co presente.

Visto o informe previo emitido polo servizo de Turismo, Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, sobre a viabilidade de clasificación como vivenda turística, en data do 29 de novembro de 2012, que obra no expediente.

Visto o informe de autorización de obras emitida polo órgano de cunca Augas de Galicia, Zona Hidrográfica de Galicia-Centro, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en data do 18 de marzo de 2015, que obra no expediente e do cal se lle chegará copia xunto co presente.

Vista a resolución emitida polo servizo de Urbanismo de Lugo, Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, en data do 11 de novembro de 2015, que obra no expediente e da cal se lle chegará copia xunto co presente.

Visto o informe xurídico emitido en data do 4 de decembro de 2015, e que obra no expediente.

En uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1



de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Conceder a Gonzalo Pereiro Sande a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do común ou de terceiro, licenza urbanística municipal para “legalización de obras de rehabilitación de edificación tradicional para vivenda turística vacacional”, situada no lugar de Pontecampaña, na parroquia de San Xoán de Mato, deste municipio, conforme ao proxecto técnico, redactado polo arquitecto técnico Camilo Garrido Álvarez.

Segundo. A actividade que se vai a desenrolar non está sometida a Avaliación de Incidencia Ambiental, polo que, esta Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros, acorda conceder a licenza municipal provisional para a actividade que se solicita, debendo cumprir as observacións e medidas correctoras impostas e sinaladas, tantos nos informes técnicos municipais como nas resolucións ou autorizacións autonómicas emitidas aos efectos, e que obran no expediente.

Terceiro. As obras comezaran no prazo de seis meses e rematarán no prazo de tres anos contados a partir da data de notificación deste Acordo. Transcorrido este prazo sen que se teña solicitado prórroga, este acordo non terá validez nin efecto.

Cuarto. Que se proceda ao cumprimento das prescricións xerais que figuran nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Palas de Rei, das condicións sinaladas nos informes técnicos, e ao cumprimento das condicións xerais e particulares impostas e recollidas nos informes e resolucións sectoriais emitidos polos órganos autonómicos con competencia en Patrimonio, Turismo, Augas de Galicia, e Urbanismo, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Quinto. Aprobar os dereitos e taxas que figuran no expediente, e proceder ao seu abono previa notificación do acordo de concesión da licenza, e que ascenden a un total de seiscentos setenta e dous euros con sesenta e sete céntimos (672,67 €).

Sexto. Dar traslado dunha copia da liquidación de dereitos ao interesado para que proceda ao abono do importe total a través de conta bancaria, previa notificación do acordo de concesión de licenza.

Do que se lle da traslado para o seu coñecemento.

Recursos: Contra o Acordo que antecede, que é definitivo en vía administrativa, poder optar por:

a).- Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante a Xunta de Goberno Local deste concello, dentro do prazo de un mes contado dende o día seguinte ó de notificación do presente Acordo.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, non poderá



interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 116.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro), e o prazo para interpor dito recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, será de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, si no fora expresa a resolución do recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso - administrativo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado, e dicir, un mes (art. 46.4 da Lei 29/98 do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, en relación có artigo 116.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro).

b).- Interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados deste o día seguinte o da notificación da presente resolución, de conformidade có establecido no art. 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo Reguladora de Xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo advírteselle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

2 Exame e aprobación, se procede, da certificación número dúas, da obra “proxecto modificado do básico e de execución da obra Centro de Día Residencial no concello de Palas de Rei”

Vista e examinada a certificación número dúas, da obra de “proxecto modificado do básico e de execución da obra Centro de Día Residencial no concello de Palas de Rei”, redactada pola arquitecta, e directora facultativa da obra, María Alba López Barreiro, por un importe de 38.971,37 euros, e atopada conforme.

En uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Prestar aprobación á certificación número dúas, da obra de “proxecto modificado do básico e de execución da obra Centro de Día Residencial no concello de Palas de Rei”, redactada pola arquitecta, e directora facultativa da obra, María Alba López Barreiro, por un importe de 38.971,37 euros, e atopada conforme.

3 Exame e aprobación, se procede, da certificación número tres da obra “proxecto modificado do básico e de execución da obra Centro de Día Residencial no concello de Palas de Rei”



Vista e examinada a certificación número tres da obra de “proxecto modificado do básico e de execución da obra Centro de Día Residencial no concello de Palas de Rei”, redactada pola arquitecta, e directora facultativa da obra, María Alba López Barreiro, por un importe de 90.880,27 euros, e atopada conforme.

En uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Prestar aprobación á certificación número tres da obra de “proxecto modificado do básico e de execución da obra Centro de Día Residencial no concello de Palas de Rei”, redactada pola arquitecta, e directora facultativa da obra, María Alba López Barreiro, por un importe de 90.880,27 euros, e atopada conforme.

4 Exame e aprobación, se procede, da certificación número catro da obra “proxecto modificado do básico e de execución da obra Centro de Día Residencial no concello de Palas de Rei”

Vista e examinada a certificación número catro da obra de “proxecto modificado do básico e de execución da obra Centro de Día Residencial no concello de Palas de Rei”, redactada pola arquitecta, e directora facultativa da obra, María Alba López Barreiro, por un importe de 51.644,45 euros, e atopada conforme.

En uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 205/2015, do 15 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Prestar aprobación á certificación número catro da obra de “proxecto modificado do básico e de execución da obra Centro de Día Residencial no concello de Palas de Rei”, redactada pola arquitecta, e directora facultativa da obra, María Alba López Barreiro, por un importe de 51.644,45 euros, e atopada conforme.

Posto que non hai máis asuntos que tratar e se cumpre o obxecto do acto, PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA, ALCALDE, levanta a sesión ás ONCE HORAS E VINTE MINUTOS, do que, como SECRETARIO-INTERVENTOR, dou fe.

V. e pr.

SECRETARIO-INTERVENTOR,

ALCALDE,



Asdo.: IVAN PONTE MAHIA

Asdo.: PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA